

Asunto: Contratación do servizo de Madrugadores do Concello de Corcubión.

MEMORIA XUSTIFICATIVA.

A) NECESIDADE A SATISFACER COA EXECUCIÓN DO CONTRATO

O presente contrato ten por obxecto, en exercicio da competencia municipal atribuída polo art 25.2. O) da Lei 7/1985, de Bases de Réxime local: "o) Actuaciones en la promoción de la igualdad entre hombres y mujeres así como contra la violencia de género".

O Servizo de Madrugadores do Concello de Corcubión é un servizo de custodia e coidado de menores nas instalacións do centro educativo para os nenos matriculados antes do inicio da xornada lectiva, de luns a venres en horario de mañá, de 7:45 a 9:15 horas, así como a adecuada atención educativa e de lecer aos nenos desta idade, de acordo coa normativa aplicable, para atender á demanda de moitas familias ás que lles facilita a conciliación dos seus tempos laborais cos tempos extraescolares dos seus fillos e fillas.

O Concello de Corcubión precisa contratar o prestación deste servizo ante a ausencia de empregados públicos municipais que poidan desenvolver estas funcións e as prohibicións existentes en materia de creación e cobertura de postos de traballo nas Administracións Públicas salvo en certos sectores e servizos esenciais.

Considérase que o contrato administrativo que debe ser celebrado é un contrato de servizos (aquele cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado diferente a unha obra ou unha subministración).

O obxecto do contrato a celebrar é o Servizo de Madrugadores para o Curso Escolar 2024-2025 e o Curso Escolar 2025-2026 a fin de posibilitar a conciliación da vida laboral e familiar dos veciños do Concello.

A contratación efectuarase como unha unidade contractual non efectuándose a división en lotes, de acordo co informe emitido no día de hoxe pola Técnico municipal responsable do servizo de madrugadores, en atención ao ámbito reducido do contrato e o colectivo afectado e por considerar que a xestión e seguemento do servizo prestado por diferentes empresas sería máis complexa. Por outro lado aumentaría o custo económico de ter que contar con operarios distintos (un por cada adxudicatario de cada lote).

B) ELECCIÓN DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

Atendendo a natureza da prestación e contía do contrato, de conformidade cos arts 131 e 156 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, optase polo procedemento aberto, con unha pluralidade de criterios de adxudicación; a tramitación do expediente será a ordinaria.

C) CLASIFICACIÓN ESIXIDA AOS PARTICIPANTES. CRITERIOS DE SOLVENCIA TÉCNICA E PROFESIONAL E ECONÓMICO FINANCEIRA

Non se esixe clasificación.

Página 1 de 4

A solvencia económica e financeira do empresario deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

1. O volume anual de negocios do licitador, que referido ao ano de maior volume dos tres últimos concluídos, deberá ser como mínimo, igual ao **valor estimado anual do contrato isto è, 9.777,68 €.**

O volume anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositada no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito en dito rexistro e, en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro mercantil.

2. No suposto de adxudicatarios personas físicas, sociedades profesionais, sociedades de intermediación, sociedades de medios ou figuras análogas, tamén poderá acreditarse a solvencia mediante a presentación de un xustificante da existencia de un seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior ao **valor estimado anual del contrato isto é, 9.777,68 €.**

A solvencia técnica e profesional acreditarase necesariamente por algún ou varios dos seguintes medios:

1. Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos de igual ou similar natureza cuxo importe anual acumulado no ano de maior execución sexa **igual ou superior ao 70% do valor estimado anual do contrato (neste caso o importe anual acumulado no año de maior execución deberá ascender como mínimo a 6.844,38 €).** Os servizos ou traballos efectuados acreditaránse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente, avalada polos certificados de boa execución.
2. As titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do personal responsable da execución do contrato.

D) CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

Fixaranse varios criterios de adxudicación para acadar a mellor relación calidade prezo. O obxectivo é ofertar un servizo de calidade que vaia máis alá da custodia e coidado dos menores incorporando actividades lúdicas e educativas debidamente planificadas e, na medida do posible, innovadoras. Para acadar dito fin incorpórase entre os criterios de adxudicación o criterio, que depende de un xuízo de valor, referido á cualificación do personal e presentación, contido e axuste das actividades a desenvolver no que se valorarán as actividades ofertadas polo licitador.

Íntimamente relacionado co anterior, e na búsqueda de un servizo educativo, lúdico e innovador inclúese o criterio de adxudicación relativo ó emprego de dispositivos electrónicos-tablets. Tal e como se especifica no PCAP a tecnoloxía é unha gran aliada na educación, sempre que se supervise o seu uso. Ten un efecto motivador na aprendizaxe, os alumnos gozan e implícanse máis cando profesores, monitores ou coidadores utilizan dispositivos electrónicos tanto para ensinar novos conceptos como para practicar os xa aprendidos e isto refírese ás habilidades matemáticas, lingüísticas, educativas, sociais... O uso de dispositivos electrónicos-tablets repercute moi positivamente nas actividades e contidos incluídos no Servizo de Madrugadores do Concello de Corcubión, redundando na súa calidade.

Por outra banda o prezo ou oferta económica permite lograr un aforro na licitación, e así dar cumprimento ás/aos finalidades/principios da contratación pública establecidos no art. 1 da LCSP (estabilidade orzamentaria, control do gasto e eficiente utilización dos fondos públicos).

1. Criterios de valoración que dependen de un xuízo de valor (45% da puntuación total, o que supón un máximo de 45 puntos) referidos a calidade e características funcionais na prestación do servizo:

| Criterios xerais | Criterios específicos | Puntuación |
|---|---|---------------|
| Cualificación do personal | Especificación da cualificación e experiencia profesional do personal. | Ata 5 puntos |
| presentación, contido e axuste das actividades a desenvolver no servizo | Presentación e proposta de actividades | Ata 10 puntos |
| características dos usuarios/as. | Axuste das actividades aos distintos grupos de idade. | Ata 15 puntos |
| | Incorporación de actividades para a promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero. | Ata 15 puntos |

2. Criterios de valoración mediante fórmulas (criterios de valoración de forma automática: 55% da puntuación total, o que supón un máximo de 55 puntos) referidos a calidade e prezo do servizo de acordo coa seguinte distribución:

2.1. Dispositivos electrónicos a disposición do servizo

Valorarase con un máximo de 20 puntos a oferta de dispositivos electrónicos-tablets a disposición do servizo.

A oferta valorarase da seguinte maneira:

| |
|---|
| 20 puntos a oferta que conteña o compromiso de adscribir á prestación do servizo 10 dispositivos electrónicos-tablets, ou mais. |
|---|

2.2. Oferta económica.

Valorarase a a mellor oferta económica, entendendo como tal a que oferte o menor prezo/hora base (sin IVA) de este procedemento de licitación, e ata un máximo de 35 puntos.

E) VALOR ESTIMADO E PREZO DO CONTRATO

O valor estimado é:

| Cursos 2024-2025 e 2025-2026 | Número de horas | Precio sin IVE |
|------------------------------|-----------------|--------------------|
| 2 monitores | 542 | 19.555,36 € |
| VALOR ESTIMADO | | 19.555,36 € |

O prezo é:

| | Número de | Precio sin IVE | IVE (10%) | Precio con IVE |
|--|-----------|----------------|-----------|----------------|
|--|-----------|----------------|-----------|----------------|

| | horas | | | |
|-------------|--------------|-------------|------------|-------------|
| 2 monitores | 542 | 19.555,36 € | 1.955,54 € | 21.510,90 € |
| Total | | 19.555,36 € | 1.955,54 € | 21.510,90 € |

O Alcalde

Francisco J. Domínguez Traba

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE